


CLASE ELEMENTO: Arquitectura	TIPOLOXÍA: Relixiosa	VISITA 11
DENOMINACIÓN DO BEN: Igrexa parroquial de San Vicente		
TITULARIDADE: Eclesiástica	UBICACIÓN: Mañufe (San Vicente)/Moreira	
CONTORNO: Á marxe esquerda do camiño que vai dende o barrio de A Texosa ao de Nande, no barrio de Moreira. O contorno, no ancho da fachada e capelas laterais, lousado en granito, un atrio pechado cun muro de cachotería sobre o que se ergue un Vía Crucis; nel tamén existe unpalco de pedra e un cruceiro.		
		BIBLIOGRAFÍA:
		<p>ÁVILA Y LA CUEVA, Francisco: <u>Historia civil y eclesiástica de la Ciudad de Tuy y su obispado. Tomo II. Vilas, parroquias, arciprestados.</u> Edición facsimilar. Consello da Cultura Galega, 1995. (Páxina 499-500, ficha 203)</p> <p>SOLIÑO TRONCOSO, Manuel; MOSQUERA VELEIRO, José Luis; SOLIÑO TRONCOSO, Alfonso; SOLIÑO TRONCOSO, Antonio: <u>Gondomar. Historia, Arte y Territorio.</u> Ir Indo Edicións. (Páx. 163-166)</p>
DESCRIPCIÓN:		
<p>Construción do barroco galego, que se remonta ao século XVIII. É un templo de planta de cruz latina, de considerables dimensións, ao que se lle engadiu un corpo de menor altura, pola cara sur, para acoller a sancristía.</p> <p>Todo o edificio está realizado en sillería de labra tosca, con vans recercados, zócolo perimetral (salvo nas fachadas norte e sur), apilastrados e moi ornamentados. Os paramentos interiores están revestidos e caleados. A cuberta é a dúas augas con tella cerámica no corpo central e na sancristía, catro augas na ábsida e tres augas nas capelas laterais; remata con pináculos.</p> <p>A fachada está enmarcada por pilastras extremas, nas que se representan bases e capitéis moldurados e fuste estriado. Remata con volutas sobre as que descansa unha balaustrada de granito voada, e unha torre de base cadrangular, cun van con arco de medio punto en cada cara. Un pináculo en cada esquina coroan a torre, unha cúpula de escadas e tambor pétreos e unha cruz de igual material. Nela aprézase unha curiosa figura escultórica, que según a tradición popular, reflicte ao constructor do templo; trátase dunha figura en pedra, de considerables dimensións, sentada e apertando á devandita cruz.</p> <p>Na fachada oeste destaca unha fornela sobre o pórtico que acolle unha figura pétreo, policromada, do santo parroquial (San Vicente).</p> <p>A portada principal presenta un arco alintelado, con recercado e acodado de molduras; as portas laterais son sinxelas, con alintelado, mocheta e derrame nas caras interiores.</p>		